



ACTA DO TRIBUNAL ENCARGADO DE XULGAR O Proceso selectivo para seleccionar mediante concurso de méritos a un traballador/a para desempeñar o posto de traballo de director/a da Escola infantil municipal Raíña Lupa de Boqueixón (grupo II), baixo a modalidade de contrato de substitución.

EXPEDIENTE TEdC: 2025/E001/000002

Acta n.º 1

Constitución do tribunal e valoración de méritos alegados polas aspirantes para a fase de concurso

Data da sesión: 28 de marzo de 2025
Hora de inicio: 09:30 horas
Hora de finalización: 11:30 horas
Lugar: Casa do Concello de Boqueixón.

Asistentes:

Dalmiro Núñez Méndez
María Victoria Negrín Blanco
María Cruz Ferreiro Sanín
Rosario Iglesias Iglesias
Adela Lamela Arteaga

1 Constitución do tribunal

Por Decreto da Alcaldía n.º 147/2025, do 21 de marzo de 2025 nomeouse o tribunal cualificador encargado de xulgar as probas do proceso selectivo para seleccionar mediante concurso de méritos a un traballador/a para desempeñar o posto de traballo de director/a da escola infantil municipal Raíña Lupa de Boqueixón (grupo II), baixo a modalidade de contrato de substitución.

Do decreto resulta a seguinte composición (referida aos asistentes):

Presidente:	Dalmiro Núñez Méndez, secretario-interventor do Concello de Boqueixón.
Secretaria:	María Victoria Negrín Blanco, técnica de formación ocupacional do Concello de Boqueixón
Vocal 1º:	María Cruz Ferreiro Sanín, axente de desenvolvemento local do Concello de Boqueixón
Vocal 2º:	Rosario Iglesias Iglesias, técnica de cultura do Concello de Boqueixón,
Vocal 3º:	Adela Lamela Arteaga, xefa de negociado do Concello de Boqueixón;

Dada a presenza tanto do presidente coma da secretaria, así como as tres vocais titulares, considérase cumprido o requisito regulamentario para a válida constitución e actuación do Tribunal de selección.



Constituído, os seus integrantes declaran que non concorren neles causa de abstención ou recusación que lles impida formar parte do tribunal conforme ao artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou aquelas outras previsións normativas concordante vixentes ao respecto.

2 Comprobación da documentación que achegan as persoas aspirantes

2.1 ANTECEDENTES

1º A Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte remite a seguinte lista de persoas candidatas da oferta núm. 12-2025-2016 na data do 19.03.2025:

Nome e apelidos

- Juan Manuel Álvarez Álvarez
- Ana Bernárdez Pintos
- Ana De la Calle López
- Sarai Formoso Formoso
- Uxía López Casal
- Ana María Vázquez Porto

Burkina Santiago Espinosa, con data do 17.03.2025 achega a documentación para participar no proceso selectivo pola súa propia vontade, e atendendo ós principios de publicidade, mérito e capacidade que consagra no ámbito local o artigo 91.2 da LRBRL non admiten excepcións e a limitación do acceso á Administración Pública incluso na categoría de persoal laboral de carácter temporal a aqueles que se atopen inscritos en Oficinas de emprego carece de xustificación obxectiva dende a óptica da legalidade do procedemento; a oferta a través da Oficina de emprego non impide outro medio de participación que se facilita a través da publicidade.

2º As persoas son convocadas mediante anuncio publicado no taboleiro de edictos, na páxina Web e no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Boqueixón, correo electrónico remitidos dende emprego@boqueixon.com e chamada telefónica para que presenten a documentación establecida nas bases da convocatoria.

3º As persoas aspirantes que presentan documentación son:

Nome e apelidos	Data de presentación documentación	Rexistro de entrada
Burkina Santiago Espinosa	17.03.2025	20259990000192
	17.03.2025	20259990000193
	24.03.2025	20259990000215
Ana Bernárdez Pintos	24.03.2025	20250000000352
	27.03.2025	20250000000371



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tífs: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

Sarai Formoso Formoso	25.03.2025	202500000000212
	27.03.2025	202590000000215
Ana María Vázquez Porto	26.03.2025	202500000000362
	26.03.2025	202599900000219
Ana de la Calle López	26.03.2025	2025900000000783
	27.03.2025	2025900000000807

4ª O candidato Juan Manuel Álvarez Álvarez, comunica por escrito con data do 27.03.2025 e núm. de rexistro 202599900000221, que non pode participar no proceso polos motivos que expón e que obran no seu expediente TEdC 2025/E002/000008.

5ª A candidata, remitida pola Oficina Pública de Santiago Norte, Uxía López Casal non achega documentación.

Antes da valoración de méritos procédese a comprobar que as candidaturas cumpren cos requisitos establecidos nas bases:

2.2 Comprobación da titulación requirida:

As bases da convocatoria esixen estar en posesión dalgún dos seguintes títulos universitarios (artigos 1.2, 8.1 e DF 1ª do Real Decreto 132/2010; artigos 1, 2.1, e DF 1ª do Real Decreto 476/2013), ou ter finalizados os estudos e abonados os dereitos para a súa obtención:

- Título de Grao en Educación Infantil.
- Mestre/a especialista en educación infantil (diplomatura).
- Diplomado en Profesorado de Educación Xeral Básica coa especialidade de Educación Infantil ou de Educación Preescolar (RD 1954/1994, do 30 de setembro, BOE nº 275, do 17/11/94).
- Mestre en Educación Primaria coa especialidade de Educación Infantil ou Preescolar.
- Licenciatura universitaria en pedagogía ou psicopedagogía.

Acreditación da titulación:

Nome e apelidos	Titulacións Universitarias	Observacións
Burkina Santiago Espinosa	Licenciada universitaria en psicoloxía	Non acredita nin estar en posesión dalgunha das titulacións establecidas nas bases de convocatoria deste proceso de selección nin das establecidas no Decreto 329/2025 de 28 de xullo polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia (DOG núm. 156 de 16 de agosto de 2005).
Ana Bernárdez Pintos	Graduada universitaria en Mestra de Educación Infantil.	Cumple co requisito de titulación



	Graduado en mestre educación primaria	
Ana de la Calle López	Graduada universitaria en Educación Infantil	Cumpre co requisito de titulación
Sarai Formoso Formoso	Graduada universitaria en Educación Infantil	Cumpre co requisito de titulación
Ana María Vázquez Porto	Graduada universitaria en Educación Infantil	Cumpre co requisito de titulación

Da documentación aportada polas candidatas, Burkina Santiago Espinosa, presenta licenciatura en psicoloxía, polo que tribunal acorda non valorar os méritos por non cumprir a esixencia da titulación para poder ocupar a praza de director/a esixida pola normativa como se indica anteriormente.

2.3 Acreditación da certificación negativa do Rexistro central de delinquentes sexuais

Nome e apelidos	Observacións
Burkina Santiago Espinosa	Cumpre co requisito
Ana Bernárdez Pintos	Cumpre co requisito
Ana de la Calle López	Cumpre co requisito
Sarai Formoso Formoso	Cumpre co requisito
Ana María Vázquez Porto	Cumpre co requisito

O resto dos requisitos relativos á presentación do anexo I, anexo II, Darde, DNI cúmprense polas persoas candidatas que se presentan ó proceso de selección.

3 Valoración de méritos alegados polas aspirantes para a fase de concurso

Acto seguido o tribunal procede a valorar os méritos alegados polas aspirantes para a fase de concurso (Base sexta. Contido do proceso selectivo, desenvolvemento e cualificación):

Nome e apelidos
Ana Bernárdez Pintos
Ana de la Calle López
Sarai Formoso Formoso
Ana María Vázquez Porto

3.1 Acreditación do coñecemento da lingua galega

As aspirantes presentan certificación de nivel de Celga 4, polo que non é necesario a realización da probas de coñecemento de lingua galega. Polo tanto, procederase directamente á fase de concurso.

3.2 Fase de concurso



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tífs: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

O concurso de méritos determinarase polo establecido ao respecto tanto nas Bases como polo baremo específico de seguido determinado.

As aspirantes deberán aportar xunto coa documentación acreditativa dos méritos alegados o autobaremo establecido nesta convocatoria específica Anexo II. Aquelas aspirantes que non presenten o autobaremo (anexo II) serán cualificadas con 0 puntos nesta fase de concurso.

A puntuación máxima posible nesta fase de concurso é de 100 puntos.

A) **EXPERIENCIA PROFESIONAL** ate un máximo de **60 puntos**.

- A experiencia profesional no posto acreditarase mediante orixinais ou copias cotexadas fidedignamente do Informe de Vida Laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social e mediante informe/certificación expedida pola administración ou a empresa correspondente ou contrato de traballo.
- Admitiranse becas ou prácticas laborais no posto, debidamente acreditadas como arriba se indica, sempre que cotizasen á Seguridade Social
- Aqueles candidatos/as que traballasen no concello de Boqueixón poderán presentar o anexo III para solicitar a expedición da correspondente certificación.

Non se terán en conta os períodos inferiores ao mes.

- No caso de que a relación fose funcional deberá acreditarse mediante a resolución do nomeamento, a toma de posesión e a certificación da vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Naqueles casos nos que da documentación anterior non se deduzan, claramente, as funcións e postos/prazas desempeñados, a persoa aspirante deberá achegar, a maiores, un certificado comprensivo das funcións, grupo e especialidade, indicando ademais, cando sexa necesario polas características singulares da praza/posto, o servizo/departamento no que se realizaban, expedido pola administración/empresa na que prestou os servizos que quere que se lle valoren.

Non se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados, e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

As dúbidas que se susciten serán resoltas pola citada comisión seleccionadora, que terá a facultade de interpretar estas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

Non se valorarán aqueles méritos que a comisión considere que non estean suficientemente acreditados conforme ás bases.

Os méritos admisibles e avaliábeis serán unicamente os presentados ata a data de finalización do prazo de presentación que é o día anterior da realización da baremación dos méritos pola Comisión Seleccionadora. A falta de acreditación dos méritos non será emendable e xerará a non valoración dos mesmos.

As puntuacións de cada apartado do epígrafe de experiencia laboral son independentes e ningún caso poderá acadarse coa suma dos distintos apartados unha puntuación superior ao máximo de 60 puntos establecido.

A) Servizos prestados como director/a de escola infantil (0-3 anos) ou prazas similares con un contido funcional análogo ao da convocatoria en calquera das distintas categorías.

a.1) Por experiencia profesional en Administracións Públicas Locais como director/a de escola infantil: 0,40 puntos por cada mes acreditado.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tífs: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

a.2) Por experiencia profesional en Administracións Públicas Locais en prazas similares á que se convoca con contido funcional análogo: 0,25 puntos por cada mes acreditado.

a.3) Por experiencia profesional noutras Administracións Públicas como Director/a de escola infantil: 0,30 puntos por cada mes acreditado.

a.4) Por experiencia profesional noutras Administracións Públicas en prazas similares á que se convoca con contido funcional análogo: 0,20 puntos por cada mes acreditado.

a.5) Por experiencia profesional no sector privado como director/a de escola infantil: 0,10 puntos por cada mes acreditado.

a.6) Por experiencia profesional no sector privado en prazas similares á que se convoca con contido funcional análogo: 0,05 puntos por cada mes acreditado.

B) FORMACIÓN ate un máximo de **40 puntos**:

CURSOS DE FORMACIÓN:- Pola realización de cursos directamente relacionados coas funcións a desenvolver e formación transversal tamén relacionada co posto. Valorarase 0,16 puntos por cada hora de formación (puntuación máxima a obter neste apartado é 40 puntos).

Toda a formación acreditarase mediante orixinais ou copias cotexadas fidedignamente dos títulos, diplomas ou certificados expedidos polo organismo ou centro correspondente, coa expresión do curso realizado, contido e número de horas.

A formación requirida como requisito mínimo non será avaliable.

Só se valorará a formación impartida en centros oficiais/homologados, universidades nacionais/internacionais, colexios oficiais, escolas oficiais ou escolas de administración pública relacionados coas funcións do posto a desenvolver.

Valóranse os cursos realizados integramente, non os módulos realizados por separado e que integren un curso.

No caso de aportar títulos/certificados, que non sexan de coñecementos de idiomas, obtidos no estranxeiro ou emitidos por entidades non incluídas na rede de centros de ensino público oficial español, o/a aspirante deberá acreditar documentalmentemente a validación/homologación e, no seu caso, tradución, pola entidade pública española competente ou tradución xurada realizada por intérprete/tradutor habilitado ao español ou galego. En caso contrario, non serán valorados.

Non se valorarán diplomas de realización obradoiros, xornadas, seminarios, simposios, só se valorará a realización de cursos formativos.

Terase en conta o curso ou validación máis alta da que dispoñan as persoas candidatas presentadas, cando sexa a mesma formación con distintos niveis, é dicir, non son acumulables.

O Tribunal elaborará unha listaxe das puntuacións outorgadas aos aspirantes nesta fase de concurso, que se fará pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na web municipal,

A puntuación final de cada aspirante virá dada pola suma total da puntuación dos diferentes apartados. No suposto de empate na puntuación final, a orde de desempate establecerase atendendo:

En primeiro lugar, á maior puntuación acadada no apartado B) dentro dos máximos marcados.

En segundo lugar, á maior puntuación acadada no apartado A) dentro dos máximos marcados.

No caso de que persista o empate, atenderase á primeira letra do primeiro apelido seguindo a orde alfabética aprobada pola Xunta de Galicia que marca a orde de actuación dos/as aspirantes nos procesos selectivos para o ingreso na Administración



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tífs: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

Autonómica de Galicia que se deriven da oferta de emprego público correspondente ao ano 2025 (letra "F", DOG núm. 16 do 24 de xaneiro de 2025).

Nos apelidos compostos coa preposición de, da, do, de la, d'..., a mesma non será tida en conta (por exemplo: Marta de Fernández. A letra a ter en conta será o "F"). De persistir o empate, atenderase á segunda letra do primeiro apelido, seguindo a orde alfabética anterior, e así ata desfacer o empate; continuando polo segundo apelido e finalmente polo nome.

O tribunal fixa como criterios de valoración os seguintes:

- Só se puntuarán aqueles méritos necesarios para chegar ao máximo de puntuación que se poda obter segundo as bases da convocatoria.
- Os criterios particulares que adopte en relación aos méritos achegados polas persoas aspirantes incluíranse no apartado de OBSERVACIÓNS de cada baremación individualizada.

O resultado da baremación é:

Ana Bernárdez Pintos							
Expediente TEDeC: 2025/E002/000004							
Titulación universitaria esixida :				Graduada universitaria en Mestra de Educación Infantil.			
Celga 4:				Achegado			
Certificado negativa do rexistro central de delinquentes sexuais:				Achegado			
CELGA 4: Certificado negativa do rexistro central de delinquentes sexuais:							
Servizos prestados (ver bases específicas)	Administración ou empresa	Posto de traballo	N.º días traballados	N.º de meses	Puntos por mes	Puntos	Observacións
a.1)	-----	-----	-----	-----	0,40	-----	Non aporta documentación acreditativa de experiencia profesional
a.2)	-----	-----	-----	-----	0,25	-----	
a.3)	-----	-----	-----	-----	0,30	-----	
a.4)	-----	-----	-----	-----	0,20	-----	
a.5)	-----	-----	-----	-----	0,10	-----	
a.6)	-----	-----	-----	-----	0,05	-----	
TOTAL PUNTUACIÓN APARTADO A:						-----	-----
B. CURSOS DE FORMACIÓN: (máx. 40 puntos)							
Entidade formadora:		denominación do curso:			N.º horas:	Observacións	
Universidad Antonio de Nebrija		La atención a la diversidad			175		
Universidad Nebrija		Atención alumnado con alteraciones del lenguaje			50		
EGAP		Prevención de riesgos laborales			60		



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tífs: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

Federación centros xuvenis Don Bosco Galicia	Curso de manipulador de alimentos	12	
Xunta de Galicia	Título Actividades tempo libre	0	Non se valora por non estar relacionado coas competencias profesionais da praza de director/a de escola infantil
Xunta de Galicia	Título director actividades tempo libre	0	Non se valora por non estar relacionado coas competencias profesionais da praza de director/a de escola infantil
		297	Excede a puntuación máxima
valorase 0,16 puntos por hora de formación			
PUNTUACIÓN TOTAL APARTADO B:		40	
TOTAL PUNTUACIÓN (APARTADO A+B)		40	

Ana de la Calle López

Expediente TEDeC: 2025/E002/000007

Titulación universitaria esixida: Graduada universitaria en Educación Infantil

Celga 4: Non presentado

Certificado negativa do rexistro central de delinquentes sexuais: Non presentado

A. EXPERIENCIA PROFESIONAL: (máx. 60 puntos)

Servizos prestados (ver bases específicas)	Administración ou empresa	Posto de traballo	N.º días traballados	N.º de meses	Puntos por mes	Puntos	Observacións
a.1)	-----	-----	-----	-	0,40	-----	Non aporta documentación acreditativa de experiencia profesional
a.2)	-----	-----	-----	-	0,25	-----	
a.3)	-----	-----	-----	-	0,30	-----	
a.4)	-----	-----	-----	-	0,20	-----	
a.5)	-----	-----	-----	-	0,10	-----	
a.6)	-----	-----	-----	-	0,05	-----	
TOTAL PUNTUACIÓN APARTADO A:						-----	0

B. CURSOS DE FORMACIÓN: (máx. 40 puntos)

Entidade formadora:	denominación do curso:	N.º horas:	Observacións
-----	-----	-----	Non aporta documentación



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tífs: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

			acreditativa de cursos de formación
-----	-----	-----	-----
N.º horas totais:		-----	-----
valorase 0,16 puntos por hora de formación			
PUNTUACIÓN TOTAL APARTADO B:		-----	0
TOTAL PUNTUACIÓN (APARTADO A+B)		-----	0

Sarai Formoso Formoso							
Expediente TEDeC: 2025/E002/000005							
Titulación universitaria esixida:				Graduada universitaria en Educación Infantil			
Celga 4:				Achegado			
Certificado negativa do rexistro central de delinquentes sexuais:				Achegado			
A. EXPERIENCIA PROFESIONAL: (máx. 60 puntos)							
Servizos prestados (ver bases específicas)	Administración ou empresa	Posto de traballo	N.º días traballados	N.º de meses	Puntos por mes	Puntos	Observacións
a.1)	-----	-----	-----	-----	0,40	-----	-----
a.2)	-----	-----	-----	-----	0,25	-----	-----
a.3)	-----	-----	-----	-----	0,30	-----	-----
a.4)	Consortio Galego de Igualdade e benestar	Mestre escola infantil (0-3 anos)	550	18	0,20	3,60	-----
a.5)	-----	-----	-----	-----	0,10	-----	-----
a.6)	-----	-----	-----	-----	0,05	-----	-----
TOTAL PUNTUACIÓN APARTADO A:						3,60	-----
B. CURSOS DE FORMACIÓN: (máx. 40 puntos)							
Entidade formadora:		denominación do curso:			N.º horas:	Observacións	
Universidad Rey Juan Carlos		La programación didáctica: componentes y realización			120	-----	
Universidad Rey Juan Carlos		Inclusión y aplicación delas tecnologías en los centros educativos			120	-----	
Cruz Roja Española		1ª auxilios en Bebés y niños			20	-----	
Cruz Roja Española		Manipulador de alimentos e higiene alimentaria			3	-----	
N.º horas totais:					263	Excede da puntuación máxima	
valorase 0,16 puntos por hora de formación							
PUNTUACIÓN TOTAL APARTADO B:						40	-----

FIRMADO POR Dalmiro Núñez Méndez (FECHA: 28/03/2025 12:38:00) , María Victoria Negrín Blanco (FECHA: 28/03/2025 12:47:00) , María Cruz Ferreiro Sanín (FECHA: 28/03/2025 12:50:00) , Rosario Iglesias Iglesias (FECHA: 28/03/2025 12:54:00) , ADELA LAMELA ARTEAGA (FECHA: 28/03/2025 13:02:00)
Versión imprimible

CVD: 4PukonIU2QPfGxLy8Etj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tífs: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

TOTAL PUNTUACIÓN (APARTADO A+B)	43,60	-----
--	--------------	-------

Ana María Vázquez Porto							
Expediente TEdC: 2025/E002/000006							
Titulación universitaria esixida:				Graduada universitaria en Educación Infantil			
Celga 4:				Achegado			
Certificado negativa do rexistro central de delinquentes sexuais:				Achegado			
A. EXPERIENCIA PROFESIONAL: (máx. 60 puntos)							
Servizos prestados (ver bases específicas)	Administración ou empresa	Posto de traballo	N.º días traballados	N.º de meses	Puntos por mes	Puntos	Observacións
a.1)	-----	-----	-----	-----	0,40	-----	-----
a.2)	-----	-----	-----	-----	0,25	-----	-----
a.3)	-----	-----	-----	-----	0,30	-----	-----
a.4)	-----	-----	-----	-----	0,20	-----	-----
a.5)	-----	-----	-----	-----	0,10	-----	-----
a.6)	Emma María Glez Álvarez	Profesora de ensinanza primaria	1325	44	0,05	2,20	-----
TOTAL PUNTUACIÓN APARTADO A:						2,20	-----
B. CURSOS DE FORMACIÓN: (máx. 40 puntos)							
Entidade formadora:		denominación do curso:			N.º horas:	Observacións	
Recursos consultoría e formación		Manipulador de alimentos e higiene alimentaria			3	-----	
Universidad Camilo José Cela		El docente como mediador de conflictos			120	-----	
N.º horas totais:					123	-----	
valorase 0,16 puntos por hora de formación							
PUNTUACIÓN TOTAL APARTADO B:						19,68	-----
TOTAL PUNTUACIÓN (APARTADO A+B)						21,88	-----

Baremada a documentación presentada, de acordo cos criterios fixados polo Tribunal, e o especificado na base terceira e sexta e a documentación presentada polas aspirantes no proceso, o Tribunal acorda:

PRIMEIRO. Facer público o resultado da baremación dos méritos correspondente á fase de concurso, por medio de exposición do correspondente anuncio no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e na páxina web, e que queda como segue (ordenado por orde alfabético e de puntuación):

Ana Bernárdez Pintos	
A. EXPERIENCIA PROFESIONAL: (máx. 60 puntos)	0
B. FORMACIÓN: (máx. 40 puntos)	40
TOTAL PUNTUACIÓN [A+B]	40

Ana De la Calle López	
A. EXPERIENCIA PROFESIONAL: (máx. 60 puntos)	0

FIRMADO POR Dalmiro Núñez Méndez (FECHA: 28/03/2025 12:38:00) , María Victoria Negrín Blanco (FECHA: 28/03/2025 12:47:00) , María Cruz Ferreiro Sanín (FECHA: 28/03/2025 12:50:00) , Rosario Iglesias Iglesias (FECHA: 28/03/2025 12:54:00) , ADELA LAMELA ARTEAGA (FECHA: 28/03/2025 13:02:00)
Versión imprimible

CVD: 4PukonIU2QPfGxLy8Etj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tfns: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

B. FORMACIÓN: (máx. 40 puntos)	0
TOTAL PUNTUACIÓN [A+B]	0

Sarai Formoso Formoso	
A. EXPERIENCIA PROFESIONAL: (máx. 60 puntos)	3,60
B. FORMACIÓN: (máx. 40 puntos)	40
TOTAL PUNTUACIÓN [A+B]	43,60

Ana María Vázquez Porto	
A. EXPERIENCIA PROFESIONAL: (máx. 60 puntos)	2,20
B. FORMACIÓN: (máx. 40 puntos)	19,68
TOTAL PUNTUACIÓN [A+B]	21,88

SEGUNDO. Outorgar un prazo para presentación de alegacións ou reclamacións contra a puntuación outorgada na fase de concurso de **tres (3) días hábiles** a computar dende o seguinte ao da publicación das puntuacións obtidas na fase de concurso. Aquelas poderán presentarse en calquera dos rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

TERCEIRO. Os resultados provisionais son os que seguen e de non formularse alegacións ou reclamacións e á vista do proceso selectivo o tribunal eleva á Alcaldía a proposta de contratación a:

Titular
Sarai Formoso Formoso (43,60 puntos)

Suplentes	
Ana Bernárdez Pintos	(40 puntos)
Ana María Vázquez Porto	(21,88 puntos)
Ana de la Calle López	(0 puntos)

A proposta efectúase por ser a aspirante que obtivo mellor puntuación do proceso selectivo.

E sen máis asuntos que tratar dáse por rematado o acto do que se estende esta acta que asinan os asistentes:

Dalmiro Núñez Méndez	
----------------------	--

FIRMADO POR Dalmiro Núñez Méndez (FECHA: 28/03/2025 12:38:00) , María Victoria Negrín Blanco (FECHA: 28/03/2025 12:47:00) ,
María Cruz Ferreiro Sanín (FECHA: 28/03/2025 12:50:00) , Rosario Iglesias Iglesias (FECHA: 28/03/2025 12:54:00) ,
ADELA LAMELA ARTEAGA (FECHA: 28/03/2025 13:02:00)
Versión imprimible



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tfns: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

María Victoria Negrín Blanco	
María Cruz Ferreiro Sanín	
Rosario Iglesias Iglesias	
Adela Lamela Arteaga	